

## Modificacións na orde do CADP

Os cambios afectan unicamente ao persoal interino e substituto

### NOVOS PRAZOS PARA O PROFESORADO INTERINO E SUBSTITUTO

**Prazo para solicitar a non participación no CADP (só casos específicos regulados nas normas de persoal interino)**

Do 15 ao 31 de maio.

**Prazo para presentar renuncia (só casos específicos regulados nas normas de persoal interino)**

No prazo de reclamacións á resolución provisional

**Prazo para solicitar substitucións en determinados concellos (só casos específicos regulados nas normas de persoal interino)**

Do 15 de xuño ao 15 de xullo

**Prazo para solicitar prestar servizos nunha ou varias provincias (sen xustificación)**

Do 15 de xuño ao 15 de xullo

**Todas as solicitudes terán que presentarse obrigatoriamente a través de [sede.xunta.gal](http://sede.xunta.gal)**

Os cambios que introduce a Consellaría de Educación para os destinos provisionais no ensino público **afectan unicamente ao profesorado interino e substituto** e, en concreto, aos prazos para solicitar facer substitucións nunha ou varias provincias ou para limitar os concellos nos que facer substitucións. En ambos casos **o prazo pasa a ser único: do 15 de xuño ao 15 de xullo.**

A outra novidade consiste en que **todas as solicitudes**, tamén a de non participar no CADP (que mantén o prazo actual, do 15 ao 31 de maio), terán que facerse exclusivamente por sede electrónica.

**A CIG-Ensino considera que hai outros aspectos na regulación da petición de destinos provisionais que deberían tratarse para mellorar a orde actual.**

**O cambio da toma de posesión do profesorado de secundaria e outros corpos (1 de setembro)** debe levar a que os horarios e o reparto de grupos se aprobe a comezos de setembro, con todo o profesorado no centro. Con independencia de que os centros, cos tempos cada vez axustados cos que contamos, teñen necesidade de organizar o curso escolar, **parécenos fóra de lugar as instrucións da Consellaría remitidas aos**

**centros** con indicación de que celebren claustros antes do 15 de xullo e que neles só se convoque ao profesorado que vaia ter destino definitivo para o curso que vén. Entendemos que son unhas instrucións que reproducen os vicios de vello da recentemente eliminada secretaría xeral de Educación, con unilateralidade e ausencia de negociación, sempre de costas ao profesorado:

★ Indica que só se convocará ao profesorado con destino definitivo no centro mais non se pode impedir a participación de ningún integrante do claustro, xa que sería ilegal excluír o profesorado con destino provisional. Por outro lado, legalmente non poderá ser convocado profesorado que será definitivo para o curso próximo mais non toma posesión até setembro xa que formalmente non é integrante do claustro. **Unha auténtica chapuza, polo que pedimos a paralización da publicación da parte desas instrucións que poidan afectar a elección de horarios.**

★ As decisións que se adopten nese claustro non poden condicionar as que se tomen no mes de setembro, xa que só nesa altura está presente todo o profesorado que vai estar traballando durante o curso.

★ Por outro lado, urxe unha unificación de criterios á vista das diferenzas existentes en determinados centros derivados de sentenzas, como é o caso das EOI.

Evidenciouse a absoluta descoordinación entre a desaparecida Secretaría Xeral de Educación e FP e a Dirección Xeral de Centros. Afirmaron que iso non foi consultado con esta DX e que non saben como vai quedar o tema cos cambios na estrutura da Consellaría.

## **Seguimos sen ter unha regulación das afíns, e seguen sen contar como tal os ámbitos.**

A este respecto, a CIG-Enseño considera:

- ★ Estamos en total desacordo coa posibilidade de que a lingua estranxeira quede incorporada dentro do ámbito de Comunicación e Sociedade da FPB, como propón a Consellaría no anteproxecto de decreto dos seus currículos. No anteproxecto indícase que se pide o nivel B2 para impartir a lingua estranxeira. É un despropósito: demandamos que se regule que, con independencia da inclusión ou non no ámbito, esta materia debe ser impartida por profesorado especialista.
- ★ Debe reducirse de dúas a unha afín e a afinidade debe estar regulada por campos académicos, impedindo mesturas de especialidades sen sentido.

Defenden non introducir máis cambios no tema das afíns porque consideran que limitalas podería derivar nun aumento de medias xornadas, como afirman pasou noutras CC.AA. Para a CIG-Enseño isto non ten porque ser así e insistimos na necesidade de deixar de xogar co perfil das prazas.

## **Reiteramos a falta de negociación que hai nas Xuntas de Persoal, negándose a Consellaría a que se negocien as vacantes de Secundaria.**

Non van introducir cambios, máxime agora co axustado dos prazos. Todo vai seguir dependendo das direccións que poderán cambiar os perfís das prazas até o último momento.

Chama a atención que agora que se cambia o sistema de solicitudes para o persoal interino, pasando todo a ser por sede electrónica, non se modifique a DA 2ª, sendo a Inspección educativa o único colectivo que non ten que usar a sede.

Revisarán e aplicarán o mesmo criterio.

**Preocúpanos o alto índice de prazas que se ofertan como interinidade após a adxudicación definitiva todos os anos**, prexudicando en moitos casos a persoal interino que non ten opción ás novas prazas.

Moito nos tememos que os cambios de datas e o axustado dos prazos poida aumentar os erros. Demandamos un seguimento das prazas non ofertadas inicialmente e que se depuren as responsabilidades que corresponda.

Din que nos anos anteriores a cifra de prazas é inferior ao que dicimos desde a CIG e recoñecen ter preocupación de cara a este ano cos cambios de datas para cargar as prazas de secundaria e de adxudicación.

**O prazo de comunicación ao profesorado que vai ser suprimido ou desprazado (antes do 10 de xuño) non se está cumprindo e debe ser respectado pola Inspección.**

Foi unha mellora introducida no 2018 que non se cumpre en moitos casos.

Recoñecen problemas de comunicación entre os diferentes participantes na xestión (centros, servizos centrais, inspección) e farán o posíbel por axilizar trámites.

**Artigo 2.** Solicitudes de concilia e/ou saúde após aprobar a oposición:

- ★ Demandamos que se cambie a restrición para quen sendo interino aproba noutro corpo ou especialidade e se lle impide a tramitación da comisión de saúde, pasando a obter destino só pola solicitude ordinaria.
- ★ Solicitamos que o persoal interino que aprobe non teña a obriga de facer unha nova solicitude se está de acordo coa xa presentada.

A Consellaría dáanos a razón e entende que sería oportuno facer estes cambios mais alegan que poden existir razóns técnicas (informáticas) e que consultarán cos técnicos previamente. Desde a CIG-Ensinio insistimos en que as cuestións técnicas non poden limitar os dereitos e melloras para o profesorado.

**Permutas provisionais.**

Tendo en conta a previsión das adxudicacións definitivas do CADP entendemos que o único prazo será nos 4 días hábiles desde o 1 de setembro (até o 6 de setembro). Queremos confirmación de que non vai haber cambios.

Confirman que barallaron a posibilidade de facer cambios mais que van deixar este ano para ver se non hai problemas e que esas serán as datas de referencia.



# mudemos o rumbo

## REFORCEMOS O PROFESORADO



### OS NOSOS LOCAIS

**SANTIAGO** (Local Nacional)  
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10  
15706 Santiago de Compostela  
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839  
santiago@cig-ensino.gal

**A CORUÑA**  
Rúa Alfonso Molina s/n  
15007 A Coruña  
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735  
acorunha@cig-ensino.gal

**BAIXO MIÑO**  
Praza da Guía 3, Baixo  
36780 A Guarda  
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465  
baixomiño@cig-ensino.gal

**MORRAZO**  
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1  
36947 Cangas  
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987  
morrazo@cig-ensino.gal

**FERROL**  
Rúa Eduardo Pondal 41-43  
15403 Ferrol  
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760  
ferrol@cig-ensino.gal

**LUGO**  
Ronda da Muralla 58, 2º andar  
27003 Lugo  
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891  
lugo@cig-ensino.gal

**OURENSE**  
Parque de San Lázaro 12, 4º  
32003 Ourense  
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855  
ourense@cig-ensino.gal

**PONTEVEDRA**  
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda  
36002 Pontevedra  
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050  
pontevedra@cig-ensino.gal

**A MARIÑA**  
Avenida de Galicia 20, 1º  
27700 Ribadeo  
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593  
amarinha@cig-ensino.gal

**VAL DE MONTERREI**  
Rúa Pedro González 5, 1º  
32600 Verín  
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013  
verin@cig-ensino.gal

**VIGO**  
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo  
36205 Vigo  
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844  
vigo@cig-ensino.gal

**SALNÉS**  
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600 Vilagarcía  
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323  
salnes@cig-ensino.gal